

## Concello de Ponteareas

### DECRETO

-Visto o Decreto número 2019-4638 de data 27 de decembro de 2019 da Concesión provisional da subvención destinada a fomentar o cesamento da actividade e rescate de licenzas de taxi ós seus titulares en Ponteareas no ano 2019, sendo os beneficiarios: D. Antonio Carballo Gallego con D.N.I 76.890.793-E, titular da licenza número 28, D. José Cebreiro Fortes con D.N.I 35.790.424-D, titular da licenza número 8, D. José García Boente con D.N.I 35.568.831-G, titular da licenza número 7.

-Visto que os Beneficiarios presentaron a través do rexistro o Anexo VI, no cal aceptan a subvención concedida polo cesamento da actividade, que será abonada nun só pago, nos termos establecidos na convocatoria, renuncian á titularidade da referida licenza de taxi e comprometéndose a cesar na actividade de taxista no Municipio de Ponteareas, sen que poidan, no futuro, adquirir a titularidade dunha nova licenza de taxi no municipio de Ponteareas, salvo no suposto de devolución da subvención recibida máis os intereses de demora e comprométense a dar de baixa o vehículo adscrito á licenza municipal de taxi na Dirección Xeral de Tráfico, sen prexuízo de manter o seu uso como particular ou de servizo público para outro taxista non beneficiario de subvención e a extinguir as relacións laborais co persoal que puidesen ter contratado para a explotación do taxi.

-Comprobando o certificado do acordo da Xunta de Goberno Local no cal apróbase, cesar no exercicio da actividade de taxi no municipio de Ponteareas, a don José García Boente, con D.N.I 35.568.831-G, titular da licenza número 7, don José Cebreiro Fortes, con D.N.I 35.790.424-D, titular da licenza número 8 e, don Antonio Carballo Gallego, con D.N.I 76.890.793-E, titular da licenza número 28, como consecuencia da aceptación da subvención concedida polo cesamento da actividade e da renuncia das licenzas de taxi por parte dos seus titulares, extinguir as licenzas municipais de taxi números 7, 8 e 28, Indicarlle aos interesados que a renuncia á licenza de taxi implica de xeito automático a da autorización interurbana, anotar a extinción da licenza no Rexistro de Títulos Habilitantes e darlle traslado do acordado á Administración Autonómica competente sobre a autorización interurbana a fin de que esta realice a anotación correspondente.

-Visto un erro material no Decreto 2020-0256 de da ta 20 de xaneiro de 2020.

-A vista do exposto e coa finalidade de dar cumprimento ao establecido nas bases das axudas destinadas a fomentar o cesamento da actividade e rescate de licenzas de taxi ós seus titulares en Ponteareas no ano 2019,

### RESOLVO:

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647

XOSÉ REPRESAS GIRALDEZ (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 20/01/2020  
HASH: e02ee9d1539c91531e2e974ddbca85a



Sello de Órgano Secretaría (2 para 2)  
Concello de Ponteareas  
Data de Sinatura: 20/01/2020  
HASH: 3fb63afa18ff0f17d40ecf62aa591233



DECRETO

Número: 2020-0258 Data: 20/01/2020



Cod. Validación: 7FL6ZD3LYJ7TVL5G9G7XJFFP | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

## Concello de Ponteareas

---

**PRIMEIRO.-** Dispoñer o gasto da relación de beneficiarios da subvención destinada a fomentar o cesamento da actividade e rescate de licenzas de taxi ós seus titulares en Ponteareas no ano 2019. a d. Antonio Carballo Gallego D.N.I 76.890.\*\*\*E, beneficiario de 19.000€, d. José Cebreiro Fortes D.N.I 35.790.\*\*\*D, beneficiario de 19.000€ e d. José García Boente D.N.I 35.568.\*\*\*G, beneficiario do sobranche de 12.000€.

**SEGUNDO:** Requerir aos beneficiarios a presentación do Anexo V. Modelo desta convocatoria coa baixa do vehículo adscrito a licenza municipal na Dirección Xeral de Tráfico, sin prexuício de manter o seu uso como particular ou de servizo público para outro taxista non beneficiario da subvención e certificado que acredite a titularidade da conta bancaria.

**TERCEIRO:** Comprobar que cumpren os requisitos establecidos no artigo terceiro. Conforme estan ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria da Xunta de Galicia e co artigo undécimo "*comprobacións e obrigacións dos beneficiarios antes de abonar as subvencións comprobarase que no Rexistro de Licenzas de Taxis anotouse a baixa da autorización para o exercicio da actividade. Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados a facilitar, en todo momento, canta información lles sexa requirida polos organismos competentes a efectos do control das subvencións outorgadas. Ademais, deberán comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos que financien o cesamento da actividade subvencionada.*"

**QUINTO:** Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello (<https://ponteareas.gal/>).

**RECURSOS:** Esta resolución poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ou, directamente, ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo, de conformidade co disposto nos arts. 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez  
(Documento asinado electronicamente)